

Percibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non estea destinado á formación: tempo efectivo de traballo.

Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional.



Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

Cal é o valor engadido da FP dual para a empresa?

- A empresa participa activamente no deseño do programa formativo, incorporando os seus procesos e a súa cultura empresarial, cunha maior incidencia na formación práctica do alumnado.
- Constitúe uns dos mellores sistemas de selección de persoal para as empresas, ao participar estas na selección inicial do alumnado, e por ter un coñecemento directo das súas competencias profesionais durante o período formativo.
- Mellora a competitividade, dotando a empresa de capital humano coas mellores habilidades persoais e profesionais, e un alto grao de cualificación.
- A empresa participa da responsabilidade social de fomentar a formación e a empregabilidade das persoas.

No proceso selectivo escolleranse estudantes das diferentes cidades galegas, onde donde se levará a cabo a formación na empresa: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense e Vigo.

Cales son os requisitos para acceder á FP dual?

- Ter entre dezaoito anos (ou cumprilos no ano natural en que comece o ciclo formativo) e vinte e nove anos no momento de inicio do ciclo formativo.
- Carecer da cualificación profesional requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.



CIFP FERROLTERRA
Rúa Ramón y Cajal s/n
15403 Ferrol - A Coruña



cifp.ferrolterra@edu.xunta.es
981-333107
f FerrolterraCIFP
@ cifpferrolterra

Reserva a túa
praza a partir da
2ª quincena de
xuño



Ciclo Medio en Instalacións de producción de calor



FP
DUAL



Formación Profesional
Formación de Futuro

Que vou aprender e facer?

- Montar equipamentos e demais elementos auxiliares asociados ás instalacións caloríficas, solares térmicas e de fluídos (circuladores, intercambiadores, vasos de expansión e tubaxes, entre outros), en condicións de calidade, seguridade e respecto ao medio ambiente, asegurando o seu funcionamento.
- Montar sistemas eléctricos e de regulación e control asociados ás instalacións caloríficas, solares térmicas e de fluídos, en condicións de calidade, seguridade, asegurando o seu funcionamento.
- Medir os parámetros e realizar as probas e verificacións, tanto funcionais como regulamentarias das instalacións, para comprobar e axustar o seu funcionamento.
- Reparar, manter e substituír equipamentos e elementos nas instalacións, en condicións de calidade, seguridade e respecto ao medio ambiente para asegurar ou reestablecer as condicións de funcionamento.
- Poñer en marcha a instalación, realizando as probas de seguridade e de funcionamento das máquinas, automatismos e dispositivos de seguridade, tras a montaxe ou mantemento dunha instalación.



Plan de formación

Os módulos profesionais deste ciclo serán impartidos entre o centro formativo e a empresa (**Nedgia Galicia**) nun 52% - 48% respectivamente, e serán os seguintes:

- Máquinas e equipamentos térmicos.
- Técnicas de montaxe de instalacións.
- Instalacións eléctricas e automatismos.
- Configuración de instalacións caloríficas.
- Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas.
- Montaxe e mantemento de instalacións de auga.
- Montaxe e mantemento de instalacións de enerxía solar.
- Montaxe e mantemento de instalacións de gas e combustibles líquidos.

Ao finalizar os meus estudos, que podo facer?

Traballar en:

- Instalador/ora - Mantedor/ora de equipamentos de produción de calor.
- Instalador/ora - Mantedor/ora de instalacións de calefacción e ACS.
- Instalador/ora - Mantedor/ora de instalacións solares térmicas.
- Instalador/ora - Mantedor/ora de instalacións de auga.
- Instalador/ora - Mantedor/ora de instalacións de gas e combustibles líquidos.

Seguir estudando:

- Cursos de especialización profesional.
- Outro ciclo de Formación Profesional coa posibilidade de establecer convalidacións de módulos profesionais de acordo á normativa vixente.



Como é o ciclo formativo?

É un ciclo formativo Dual de 2000 horas repartidas en tres cursos. O alumnado estará cada curso no centro formativo aproximadamente 5 meses e 7 meses na empresa.

A inserción laboral deste ciclo é moi elevada, por ser parte dun sector en crecemento e por dar a oportunidade de formarse nunha empresa líder no mercado con ampla experiencia no sector.



NEDGIA Galicia é a distribuidora de GAS NATURAL FENOSA nesta Comunidade Autónoma, onde opera desde hai máis de 20 anos impulsando a expansión do gas natural e os seus novos usos para adaptarse ás necesidades dos usuarios e da contorna. A compañía supera os 297.000 puntos de subministración e conta con máis de 3.200 quilómetros de rede en 77 municipios, o que supón que o 70% da poboación galega está hoxe en disposición de utilizar esta enerxía.